

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 4 DE AGOSTO DE 2011

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:04 horas do día 4 de agosto de 2011, baixo a Presidencia do sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bertoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don Jose Andrés Serantes Panceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antonio Luís Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, don José Antonio López Rodríguez, dona María Carmen Silvar Canosa, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Ines Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretario:

Don Jesús Tallón García.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, das actas da sesión extraordinaria celebrada en data 4 de xullo de 2011 e da sesión ordinaria celebrada en data 7 de xullo de 2011

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o sr. alcalde-presidente pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas da sesión extraordinaria celebrada en data 4 de xullo de 2011 e da sesión ordinaria celebrada en data 7 de xullo de 2011, previamente remitidas coa convocatoria ao non realizarse obxeccións ou observacións o Pleno acorda por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

Aprobar as actas do Pleno da Corporación da sesión extraordinaria celebrada en data 4 de xullo de 2011 e da sesión ordinaria celebrada en data 7 de xullo de 2011

2. Aprobación, se procede, da solicitude de persoal laboral en relación coa modificación das súas retribucións mediante modificación de complementos cuxa fixación é competencia, analoxicamente, do Pleno

Logo de ver os informes da Secretaría e da Intervención que obran no expediente e que copiados literalmente din:

“INFORME DE SECRETARÍA

Asunto: requírese polo Sr. Alcalde-Presidente informe xurídico sobre a solicitude efectuada por traballadora municipal rexistro de entrada 5191 do 4 de maio do 2011.

Xustificación: En cumprimento do disposto no art. 54 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local; artigo 173 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986 e o artigo 3 do R.D. 1174/87, de 18 de setembro do Réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional, así como o artigo 172 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro. Providencia da Alcaldía do 13 de maio do 2011.

Antecedentes:

1 Expediente de persoal de Dona María Concepción Prado Álvarez. Neste expediente, entre outra documentación atópase, no que aquí interesa:

-Distintos contratos de traballo que vinculan á Dona María Concepción Prado Álvarez co Concello de Fene dende o 1/9/1998 ata o 31-3-2008.

-ST do Xulgado do social núm. 2 de Ferrol do 18 de xullo do 2008 revogada pola ST do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sala do social, do 25 de novembro do 2008 (recurso de suplicación 0004469/2008).

-Resolución da Alcaldía 802/2008 polo que se acorda, ente outras consideracións, en execución da sentenza sinalada máis arriba readmitir a traballadora Dona María Concepción Prado Álvarez.

-Auto do Xulgado do social núm. 2 de Ferrol do 5 de marzo do 2009 corrixido polo auto do 13 de marzo do 2009 no que se sinala, entre outras consideracións, a antigüidade (1 de setembro do 1998), a categoría (titulada superior) e a base de cotización (1738,59) da traballadora na readmisión da mesma no Concello.

2 Solicitude da interesada rexistro de entra 5191/2011 do 4 de maio, no que se afirma, entre outras consideracións: "(...) Á categoría profesional que desenvolvo correspóndelle o Grupo A1, nivel 30. O salario correspondente a esta categoría profesional de acordo co que veñen percibindo os/as compañeiros/as que ostentan na mesma é de:

Soldo: 1109 + complemento de destino: 968,75.-E

Complemento de produtividade 235,34 + complemento específico (...)

Solicita a traballadora: "(...) SEXA REVISADO O MEU RECIBO SALARIAL, e en virtude dots trámites correspondentes se me asigne o Grupo A cos condicionamentos sinalados.(...)".

3 Providencia da Alcaldía do 13 de maio do 2011

4 Informe da técnica de xestión financeira e recadación do Concello do 23 de maio do 2011.

Lexislación aplicable

1 Lei 7/2007. de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (EBEP)

2 Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas de reforma da función pública (LMRFP)

3 Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)

4 Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, redacción dada por la Ley 23/1988, de 18 de julio, nos preceptos non derogados polo EBEP

5 Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de las disposiciones leaies vixentes en materia de Réxime Local

6 Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia

7 Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo polo que se aproba Texto Refundido da Lei da función pública de Galicia

8 Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aprueba o Regulamento Xeral de Ingreso do Personal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado

9 Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, por el que se establece el Régimen de las Retribuciones de los Funcionarios de Administración Local.

10 Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse el procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local

11 Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes

12 Estatuto dos Traballadores, Texto refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo (ET)

13 Convenio Colectivo do Concello de Fene (D.O.G. núm. 178 do 14 de setembro do 1999).

Consideracións

1ª Segundo os antecedentes facilitados a este informante e sinalados máis arriba resulta que a empregada pública que realiza a solicitude antecedente 2 é persoal laboral do Concello (definido polo artigo 11 do EBEP como aquel que en virtude dun contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polas Administracións Públicas).

En calquera caso, o réxime das retribucións do persoal laboral e do persoal funcionario é distinto: o administrativo ou estatutario para os funcionarios, no que as retribucións veñen determinadas polas Leis de Presupostos do Estado, e o laboral, que se rexe polos convenios colectivos ou contratos individuais, coas limitacións da normativa básica que establezan as Leis de Presupostos do Estado sobre incrementos de gastos de persoal.

2ª O artigo 14 do EBEP establece, entre outros, como dereito individual dos empregados públicos o dereito á percibir ás retribucións e indemnizacións por servizo que correspondan.

O artigo 27 do EBEP establece que as retribucións do persoal laboral “determinaranse de acordo coa lexislación laboral, o convenio colectivo e o contrato de traballo, respectando en todo caso o establecido no artigo 21 do presente Estatuto.”.

Estos artigos atópanse incluídos no capítulo III do Título III polo que segundo a D.F. 4ª do EBEP producirán efectos a partir da entrada en vigor das Leis de Función Pública que se dicten en desenvolvemento do Estatuto.

O artigo 93 da Lei 7/1985, de 2 de abril, os funcionarios de Administración Local sólo poderán ser remunerados por los conceptos retributivos establecidos no artículo 23 de la Ley 30/1984, de 2 de agosto, o que se concreta a través do R.D. 861/1986, de 25 de abril.

Para o persoal laboral o artigo 177.2 do Texto Refundido de las disposiciones legais vixentes en materia de Réxime Local establece que as relacións laborais das entidades locais cos traballadores rexiranse, na súa integridade co establecido en normas de Dereito Laboral.

3ª O ET regula o salario nos artigos 26 e seguintes. Define o salario como a totalidade das percepcións económicas dos traballadores, en diñeiro ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo. Exclúe do dito concepto as indemnizacións ou suplidos, as prestacións e indemnizacións da Seguridade Social e as indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despidos. Di este mesmo artigo que mediante negociación colectiva ou, no seu defecto, contrato individual, se determinará a estrutura do salario, que deberá comprender:

-o salario base, como retribución fixada por unidade de tempo ou de obra e, no su caso,
-complementos salariais fixados en función de circunstancias relativas ás condicións persoais

do traballador, ao traballo realizado ou a situación e resultados da empresa, que se calcularán conforme aos criterios que a tal efecto se pacten.

4ª O Convenio Colectivo do Concello de Fene, actualmente vixente, complementa a lexislación laboral que lle resulta de aplicación ós empregados públicos vinculados co concello de Fene por un vínculo contractual laboral. Entre outras consideracións establece:

a) Que a estrutura salarial está constituída polos seguintes conceptos (art.8):

-Salario base que será o establecido nas táboas salariais anexas ó convenio (artigo 9)

-Complemento de antigüidade: que todo o persoal terá por “trienio consolidado” e que será retribuído segundo aparece nas táboas salariais anexas ó convenio (artigo 10)

-Complemento de convenio: por cantidade e calidade de traballo para todo o persoal que será para tódolos efectos un concepto salarial, retribuído segundo as táboas salariais anexas a este convenio (artigo 11)

-Pagas extras: que serán dúas (xuño e novembro) e inclúe salario base, complemento de antigüidade e complemento de convenio.

Ademáis establece outros conceptos retributivos como as gratificacións extraordinarias, o complemento de nocturnidade para determinado persoal no que non se inclúe a traballadora)

b) As táboas salariais serán revisadas anualmente, con efectos do 1 de xaneiro de cada ano, tendo a equiparación salarial ó persoal funcionario que realice as mesmas funcións. (artigo 3)

c) O artigo 15 establece as categorías profesionais do persoal laboral, sen prexuízo das que poidan establecerse ou definirse, ente elas atópase por exemplo o director de formación e ocupación definido no artigo 16 do convenio como “o profesional que, con titulación superior ou media, e baixo as directrices do alcalde ou concelleiro ou organismo no que estea delegada esta facultade, organiza, planifica, desenvolve e executa todo tipo de plans de accións formativas, profesionais e de emprego que acometa o concello. Así mesmo, será o responsable da organización e dirección do persoal adscrito á formación e emprego, para conseguí-los obxectivos fixados.

d) O anexo ó que me referín máis arriba establece para cada categoría profesional os conceptos base/mes, plus convenio/mes, total anual e trienio/mes.

5ª O último contrato de traballo asinado entre o Concello de Fene e a traballadora data do 15 de xuño do 2007 e nel establécese, entre outras consideracións, que a traballadora prestará os seus servizos no Concello de Fene como “orientadora laboral” establecendo que os servizos consistirán en “realizar accións de orientación, información y busca de emprego, según subvención concedida (...)”. Non se adecúa a ningunha das categorías profesionais que prevé o convenio do persoal laboral vixente senón que se trata de “outra categoría”.

En calquera caso o contrato é claro ó fixar as retribucións brutas mensuais: 1.704,50 euros brutos mensuais que se distribúen nos seguintes conceptos salariais: Sueldo (1461,00 euros e prorrateo de pagas extras 243,50 euros). Establece que ó contrato lle resultará de aplicación o disposto no Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Fene.

6ª O Auto do Xulgado do social núm. 2 de Ferrol do 5 de marzo do 2009, corrixido polo auto do 13 de marzo do 2009, sinala, entre outras consideracións, a antigüidade (1 de setembro do 1998), a categoría (titulada superior) e a base de cotización (1738,59) da traballadora que inclúe tódolos conceptos salariais incluídos na nómina de marzo do 2008.

Segundo consta no informe da técnica de xestión económica (antecedente 4) a interesada recibiu na nómina de marzo do 2008 -ademáis da indemnización por fin de contrato-os seguintes conceptos salariais brutos:

-soldo (1490,22 €)

-prorrateo paga extra (248,37€)

Segundo consta do informe da técnica de xestión económica antecedente ,, a interesada recibe un salario bruto total constituído polos seguintes conceptos:

- soldo (1448,35 €)
- antigüidade (135,76€)
- prorrato extra (241,39 €)

7ª Ante a ausencia dunha relación de postos de traballo, e logo de ver o orzamento do Concello do ano 2010, actualmente prorrogado, onde consta a plantilla de persoal do Concello, a xuízo do que subscribe, non hai ningún posto de traballo de persoal funcionario que realice as mesmas funcións, nin comparables, ás que desenvolve como persoal laboral a traballadora solicitante. Neste punto, cómpre salientar que o Concello carece dunha relación de postos de traballo, instrumento do que preceptivamente debe dotarse (ente outros artigo 90.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril).

Refírese a solicitude da traballadora ó complemento de destino. Este é un concepto das retribucións dos funcionarios, pero que, en función do convenio colectivo pode establecerse analóxicamente para o persoal laboral.

Refírese a traballadora solicitante tamén ó complemento específico. Este complemento ten por obxecto retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo dos funcionarios en atención a súa especial dificultade técnica, adicación, incompatibilidade, responsabilidade, peligrosidade ou penosidade (artigo 4 do R.D. 861/1986) que o convenio colectivo pode estender analóxicamente ó persoal laboral.

Non consta a este informante que as funcións desenvolvidas por esta traballadora de ser realizadas por un funcionario a este lle correspondese o Grupo A1 e non o A2, e dende logo, estas funcións, non son equiparables en canto a súa especialización, responsabilidade, competencia e mando, así como complexidade territorial e funcional ás funcións que desenvolven os postos da Secretaría, a Intervención, a Tesourería e do Enxeñeiro de Camiños, canles e portos, únicos postos que neste Concello teñen atribuído un nivel de complemento de destino 30.

A determinación dos conceptos de complemento de destino e complemento específico dos funcionarios correspóndelle ó Pleno da Corporación, trala valoración dos postos de traballo, mediante a aprobación dunha RPT, e, para o caso de establecerse por convenio colectivo á equiparación entre persoal laboral e funcionario mediante a creación do conceptos que retribúan análogos conceptos que os complementos de destino e específico dos funcionarios será preciso que a RPT determine, trala correspondente valoración, o importe dos conceptos que lle corresponde a cada posto de traballo por ditos complementos (no caso do Concello de Fene complemento de convenio).

Respecto á produtividade, concepto ó que se refire á traballadora, está destinado a retribuír o especial rendimento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolve o seu traballo, pero en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos (artigo 5 do R.D. 861/1986). Non pode ser fixo na súa cuantía nin periódico no seu devengo e polo tanto non podería ser incluído como parte de ningún complemento que analóxicamente se aplicase ó persoal laboral de forma periódica e fixa, asociada a tódolos postos e sen axustarse ós criterios legais de determinación e reparto, é dicir, non pode ser fixo senón que require a concurrencia de circunstancias excepcionais a semellanza do establecido para os funcionarios.

Conclusións:

1º Non existe, a xuízo do que subscribe, persoal funcionario que realice as mesmas funcións, nin similares, ás que realiza a traballadora contratada como orientadora laboral, polo que non é posible a equiparación con persoal funcionario algún.

2º O concepto de “sueldo” que aparece na nómina da interesada foi determinado por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sala do social, e aclarado mediante auto do Xulgado núm. 2 de Ferrol da mesma orde, sen que o dito auto fose obxecto de recurso algún pola interesada.

3º Nada impide que, mediante modificación de convenio colectivo e/ou contrato de traballo e trala previa e necesaria valoración dos postos e aprobación dunha relación de postos de traballo, se determine o importe que lle correspondería ó posto de orientadora laboral polos conceptos análogos de complementos de destino e específico que por convenio colectivo ou contrato se establezan para o persoal laboral, pero sin que esto supoña necesariamente o incremento das retribucións brutas que percibe a solicitante, xa que o importe das retribucións que se deriven destes conceptos, trala oportuna valoración, pode resultar incluído, total ou parcialmente, no importe do concepto “sueldo”. Ademais sería preciso modificar a plantilla e, se é o caso, o presuposto do Concello, sen que a modificación poida implicar un incremento dos gastos de personal que rebase a porcentaxe autorizada pola Lei de Presupostos Xerais do Estado do ano 2011.

Este é o informe que emito en dereito, sen prexuízo de mellor criterio ou superior autoridade municipal.

Fene 23 de maio do 2011

O secretario

Jesús Tallón García”

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO.- SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DE RETRIBUCIÓN PRESENTADA POR DONA CONCEPCIÓN PRADO ÁLVAREZ.

Antecedentes

-Solicitud presentada por Dona Concepción Prado Alvarez con data de 04/05/2011, entrada nº 5191.

-Providencia da Alcaldía de 13/05/2011 requirindo informes.

-Informe de 23/05/2011 da Técnico de Xestión Económica e Financiera sobre as retribucións da traballadora

-Informe xurídico da Secretaría de 23/05/2011.

-Expediente individual de personal da traballadora.

Normativa

-RDL 2/2004, de 5 de marzo.

-Lei 7/2007, de 12 de abril, EBEP.

-Lei 30/1984, de 2 de agosto, LMRFP.

-Lei 7/1985, de 2 de abril, LBRL.

-Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, TRLFPG.

-Real Decreto 365/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios civís da Administración do Estado.

-Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia.

-Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establecen o Réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local.

- Real decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo polo que se aproba o Estatuto dos Traballadores.
- Lei de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.
- RDL 8/2010/, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.
- Convenio colectivo do personal laboral do Concello de Fene.

Informe

Primeiro.- O sistema das retribucións dos empregados públicos locais ven definido pola Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, así como pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa de desenrolo.

O EBEP establece, no seu artigo 27, sobre as retribucións do personal laboral, que se determinarán dacordo coa lexislación laboral, o convenio colectivo que sexa aplicable e o contrato de traballo, respetando en todo caso o establecido no artigo 21 do EBEP. En dito artigo dise que as contías das retribucións básicas e o incremento ds contías globales das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, así como o incremento da masa salarial do personal laboral laboral, deberán reflexarse para casa exercicio orzamentario na correspondente Lei de Orzamentos.

Añade o seu apartado segundo que non poderán acordarse incrementos retribuídos que globalmente supoñían un incremento da masa salarial superior ós límites fixados anualmente na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o personal.

Polo tanto, as modificacións das retribucións do personal laboral deben facerse conforme ós procedementos tasados polas leis anuais de orzamentos do Estado e para poder realizar subidas das retribucións haberá que estar ó que dispoñían estas leis.

Así, para o ano 2011, os aspectos mais relevantes para as Entidades Locais incluídos na Lei 39/2010, de 22 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2011 (LPGE, en adelante que, por materias, se poden enumerar da forma seguinte:

1.- Incremento retributivo do personal ó servizo do sector público.

Non poderán experimentar ningún incremento as retribucións do persoal ao servizo do sector público respecto as vixentes a 31/12/2010, polo que, con carácter, se respetarán as retribucións resultantes do Real Decreto Lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

2.- Persoal Laboral.

Respecto do persoal laboral, a súa masa salarial (integrada polo conxunto de retribucións salariais e extrasalarais e gastos de acción social devengados por dito persoal no 2011) non poderá incrementarse no 2011 en termos homoxéneos e unha vez aplicada a redución do 5% regulada no art.22.2.B).4 da Lei 26/09, de 23 de decembro de PGE para 2010 modificada polo R.D. Lei 8/2010, sen perxuro das normas especiais previstas na disposición adicional 9ª do R.D. Lei 8/2010 na que se exclue a aplicación da redución do 5% ao persoal laboral non directivo das sociedades mercantis que se refire o apartado Uno.g) do artigo 22 da citada Lei nin ao persoal laboral non directivo das Entidades Públicas Empresariales RENFE, ADIF y AENA, salvo que por negociación colectiva as partes decidan a súa aplicación.

O art.22.5 da Lei 39/10 concreta que, do cálculo anterior se exceptuarán:

- As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.
- As cotizacións ao sistema da seguridade Social a cargo do empregador.
- As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despidos.

-As indemnizacións ou suplidos por gastos que realizase o traballador.

Os límites retributivos indicados son aplicables ao persoal laboral e funcionario das Administracións Públicas sen perxuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados ao mesmo, sempre con estricto cumprimento da normativa vixente.

3.-Acordos, convenios, pactos retributivos.

Os acordos, convenios ou pactos que impliquen incrementos retributivos deberán experimentar a oportuna adecuación, sendo inaplicables as cláusulas que establezan calquer tipo de incremento.

Segundo.- O réxime do personal laboral do Concello, conforme o artigo 177 do Texto Refundido de Réxime Local (TRRL), aprobado por RDL 781/1986, de 18 de abril, “«será, en su integridad, el establecido en las normas de Derecho Laboral»». Neste sentido se ven pronunciando a xurisprudencia, entre outras, a STS 23 de xullo de 1993, indica que aínda cando as funcións que desempeña o personal suxeito á lexislación laboral sexan as mesmas que as dos funcionarios, a diferenza nas súas retribucións non constitúe discriminación, por canto o seu réxime xurídico é distinto: o administrativo ou estatutario para os funcionarios, no que as retribucións veñen determinadas pola Lei de orzamentos do Estado; e o laboral, en que a materia é propia de convenios colectivos ou contratos individuais, aínda cando a dispoñibilidade do concellos veña limitada pola normativa básica que se establece nas citadas Leis de orzamentos do Estado sobre incrementos de gastos de personal.

Partindo do anterior anterior, hai que ter en conta que, conforme o artigo 26.3 do ET “«Mediante la negociación colectiva o, en su defecto, el contrato individual, se determinará la estructura del salario, que deberá comprender el salario base, como retribución fijada por unidad de tiempo o de obra y, en su caso, complementos salariales fijados en función de circunstancias relativas a las condiciones personales del trabajador, al trabajo realizado o a la situación y resultados de la empresa, que se calcularán conforme a los criterios que a tal efecto se pacten»».

Polo que, en orden a resolver a cuestión plantexada, é necesario acudir ó convenio colectivo do Concello para o seu personal laboral.

O convenio colectivo do personal laboral do Concello de Fene establece una asimilación en termos económicos ó réxime retributivo dos funcionarios públicos (que realice as mesmas funcións) para cada unha das categorías profesionais nel definidas segundo as táboas salariais que se incorporan como anexo.

O artigo 15 convenio colectivo establece a relación das categorías profesionais do personal laboral, non comtemplando a da traballadora, esto é, a de “orientadora laboral”. O igual que se pronuncia a Secretaría, esta categoría profesional de orientadora laboral non se adecúa nin asimila a ningunha categoría profesional prevista no convenio constituíndo unha nova categoría profesional.

Terceiro.- Tal e como se ven advertindo por esta Intervención en diferentes informes, o Concello non conta con Relación de Postos de Traballo, que debería ser formada dacordo co previsto no artigo 90.2 da Lei 7/85, e a través da cal deberían levarse a cabo as creacións, supresións e modificacións dos postos de traballo (funcionarios e personal laboral), e na que se deberían concretar os requisitos para o desempeño dos postos, funcións e

consecuentemente a valoración económica. Trátase pois dun instrumento de especial importancia para a xestión de todos os expedientes relativos ó persoal municipal.

Polo tanto, é a Relación de Postos de Traballo o instrumento a través do cal se deben de valorar todas e cada unha das funcións que se execren polos funcionarios e personal laboral, e deste xeito se establezan, suficientemente ponderadas, as retribucións de cada posto. En definitiva, non bastaría, a xuízo da que suscribe, unha mera declaración do traballador indicando a categoría profesional que lle corresponde para xustificar deste xeito o importe das retribucións que lle corresponderían "... de acordo co que veñen percibindo os/as compañeiros/as que ostentan a mesma...", pois elo suporía unha vulneración da normativa que resulta de aplicación nos termos anteditos.

Añadir que, tal e como se informa pola Secretaría, e ante a ausencia dunha Relación de Postos de Traballo aprobada, do exame da plantilla que se incorpora ó orzamento do exercicio 2010, actualmente prorrogado non hai ningún posto nin de personal funcionario nin de personal laboral que realice as mesmas funcións, nin tampouco asimilables, ás que realiza a reclamante que segundo o contrato de traballo serían de "*realizar accións de orientación, información e busca de emprego, según subvención concedida...*", e todo elo coa precisión de que non consta a esta Intervención cales son as funcións realizadas por esta traballadora. En todo caso, as funcións do personal funcionario do grupo A1 que figuran na plantilla do concello non son en ningún caso similares ás da reclamante e todo elo tendo en conta as especialidades técnicas que esixen este tipo de postos; pois trátase de postos que requiren unha especialización, responsabilidade, competencia, complexidade, etc que non concurre noutros postos.

Conclusiones

1º.- O réxime xurídico aplicable ó personal laboral é distinto do previsto para o personal funcionario, polo que a homologación que se prevé no convenio colectivo do Concello de Fene, non pode entenderse como unha igualación en termos absolutos, polo que dacordo coa normativa que resulta de aplicación, haberá de comprobar que extremos poderían ser obxecto de asimilación e cales non, considerándose que o réxime retributivo é un dos extremos que non pode ser obxecto de equiparación (esto é, a estrutura retributiva (soldo, complemento de destino, complemento específico e complemento de produtividade) nos termos que plantexa a propia reclamante.

2º.- Non existe a xuízo da informante, segundo a plantilla de personal que se une ó orzamento do exercicio 2010, prorrogado, ningún posto de personal funcionario ó que poida asimilarse o posto da reclamante.

3º.-A modificación das retribucións dos postos de traballo deberá de respetar, en todo caso, o previsto na normativa básica que resulta de aplicación. Así, sería necesario unha valoración previa das funcións do posto de traballo de orientadora laboral que ponderase a retribución do posto de traballo, e unha vez determinado proceder á modificación do contrato de traballo/convenio colectivo; e todo elo baixo as limitacións impostas pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado ós incrementos retributivos dos empregados públicos.

En Fene, a 31 de maio de 2011.

A INTERVENTORA

Asdo Marta Roca Naveira."

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente de de data 29 de xullo de 2011, que copiado di:

“Ditame da Comisión informativa de persoal, seguridade, servicios e medio ambiente

A Comisión informativa de persoal, seguridade, servicios e medio ambiente en sesión celebrada o día 27 de xullo do 2011, no asunto da súa orde do día “1º Solicitude de dona María Concepción Prado Álvarez en relación coa modificación das súas retribucións mediante modificación de complementos cuxa fixación é competencia, analóxicamente, do Pleno” ditaminou favorablemente que o Pleno acorde:

Desestimar a solicitude (registro de entrada 04/05/2011) de revisión do recibo salarial de Dona María Concepción Prado Álvarez motivada nos informes de Secretaría e Intervención que obran no expediente.”

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista Iván Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que igual que na Comisión informativa e respaldando o exposto por Secretaría e por Intervención nos seus respectivos informes van a votar a favor do ditame desa Comisión informativa xa que entenden que efectivamente non ten lugar a modificación solicitada e se a tivera, en todo caso o terá no marco dunha relación de postos de traballo ou dunha reestruturación xeral da plantilla do Concello pero non a título individual como decisión que poida adoptar este Pleno neste momento.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido di que dende o BNG van a refrendar o proposto pola Comisión pero queren instar ó goberno local para que no menor prazo posible se constitúa a Comisión de seguimento coa Xunta de Persoal ou Comité de Empresa para a elaboración da RPT que permita regularizar as cuestións en materia salarial coma neste caso.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

Desestimar a solicitude (registro de entrada 04/05/2011) de revisión do recibo salarial de Dona María Concepción Prado Álvarez motivada nos informes de Secretaría e Intervención que obran no expediente.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1. Dación de conta das resolucións da Alcaldía dende o número 541/2011 de 28 de xuño ata o número 657/2011 de 27 de xullo de 2011

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 541/2011 de 28 de xuño ata o número 657/2011 de 27 de xullo de 2011, manifestando o sr. alcalde-presidente que estiveron a disposición dos distintos grupos na Secretaría do Concello, e así consta no expediente.

2. Mocións

A continuación intervén o sr. alcalde que explica que hai presentada unha moción de urxencia relativa ó control das abusivas comisións bancarias, por parte do grupo municipal do BNG e que lle vai dar a palabra ó portavoz do devandito grupo municipal para que defenda a urxencia da moción.

De seguido intervén o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que manifesta que a moción está entregada o día 1 de agosto, o mesmo día que se convocou o Pleno, e o obxectivo da mesma é tratar o tema sobre o control das comisións bancarias que se están establecendo ultimamente dun xeito moi abusivo. Di que entenden que é urxente por unha cuestión fundamental, xa que no último mes se veñen de producir subidas sobre todo pola entidade financeira que é a antiga Caixa Galicia o novo banco que se constituiu coa fusión das caixas. Informa que se están establecendo unhas comisións bancarias de trinta euros anuais unilateralmente por parte destas entidades financeiras, en concreto desta, que afecta ó cincuenta por cento da poboación galega que ten contas abertas e entenden que dende o Concello, dende este Pleno municipal, teñen que marcar unha posición de firmeza, de rexeitamento deste tipo de comisións abusivas que afectan a calquera tipo de impositor, a calquera tipo de aforrador, a calquera tipo de conta corrente, a calquera tipo de persoa con independencia absoluta da súa renda, dos seus ingresos ou da súa situación económica. Di que para eles, dende o seu punto de vista estas subidas son pouco defendibles e pouco soportables sobre todo tendo en conta os miles de millóns de beneficios a pesar da crise das entidades bancarias e por tanto entenden que en setembro tanto a administración autonómica como a administración do estado, teñen que tomar medidas encamiñadas a facer un control moito máis estrito e limitar cando menos a posibilidade de que se sigan facendo subidas unilaterais por parte destas entidades.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista Iván Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que están empezando co actual mandato municipal e entenden que debe de ser nos inicios onde senten as bases de funcionamento das sesións destes próximos catro anos. Di que unha das cousas que dixeron no pasado mandato e que ó final non conseguiron levar á práctica foi precisamente o de regularizar o tema das mocións urxentes. Di que cre que se todos os grupos fan reflexión do que pasou nos últimos catro anos, chegarían á mesma conclusión de que as mocións urxentes en vez de ser a excepción acabaron convertíndose na norma por parte de tódolos grupos políticos, xa que de xeito habitual presentábanse no Pleno esas mocións, case sempre de modo urxente, en lugar de facelo polo trámite ordinario, que é pois presentala con anterioridade á convocatoria das Comisións Informativas, debatilo nas Comisións Informativas e que a Comisión Informativa ditamine e a traia ó Pleno como calquera outro asunto dos que veñen ó Pleno. Di que o seu grupo municipal neste mandato propúxose aplicar o procedemento a eles mesmos, e as mocións que presente, salvo aquelas que evidentemente si sexan estritamente urxentes e respondan a algo inesperado que pasou nun momento determinado entre a celebración das Comisións e o Pleno e que teñan unha urxencia obxectiva, o grupo municipal vai tramitar sempre as mocións polo cauce ordinario e esperan e avogan por que os demais grupos políticos tamén o fagan. Di que por tanto, sendo coherentes con eso, para todas aquelas mocións que consideren que realmente non responden a un acontecemento imprevisible e que non tivo posibilidade de presentarse con anterioridade, eles as van a votar en contra, non á moción pero si á urxencia. Explica que en todo caso, como é a primeira vez que se da isto, nesta ocasión non van a votar en contra, vanse a abster na urxencia. Di que cando esta moción se debata que eles co contido están de acordo e a moción a van a votar a favor. Continúa dicindo que cando se debata se é neste Pleno, en función do que faga o grupo municipal do PP, como si é na Comisión Informativa esta moción a van a apoiar e a van a votar a favor, pero o procedemento entenden que se debe de regularizar desde o principio, e que as mocións ordinarias deben de ir polo cauce ordinario e esta ademais é unha moción das que se chaman comunmente enlatadas, mandadas polas direccións dos partidos políticos a tódolos grupos municipais de tódolos concellos de Galicia e é unha situación preocupante, unha situación que eles comparten pero que non é algo que teña pasado onte ou antonte, ou que se vaia a solucionar mañá senón que é algo que se ven producindo nos últimos tempos e que entenden que se debe de debatir na Comisión Informativa e traela ó seguinte Pleno, polo tanto eles vanse a abster na urxencia.

De seguido pide o uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez quen unha vez concedido manifesta que eles tamén están de acordo con que as mocións se presenten en tempo para poder debatilas tamén nas Comisións pero neste caso van a aprobar a urxencia; e que en todo caso, querían engadir un tema á moción se é posible, relativo a facer un seguimento das hipotecas, no sentido de que se inste ó goberno a que sexa suficiente coa entrega das chaves do ben hipotecado no momento no que non se poida seguir pagando as hipotecas. Explica que este é un tema que se solicitou a nivel estatal polos grupos políticos de EU e do BNG, e que foi votado en contra polos grupos políticos do PSOE e do PP.

A continuación intervén o sr. alcalde que di que no caso de que se aprobe a urxencia e con posterioridade se debata a moción, se podería incluír.

De seguido pide o uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Bertoa Puente, quen unha vez concedido manifesta que en relación coa urxencia desta moción e tendo en conta que o criterio do grupo municipal do PP cando estaba na oposición era denunciar este tipo de mocións que se presentaban sempre a última hora e sobre todo por parte dun partido, e igual que nos últimos tempos van optar pola abstención na urxencia. Di que esta abstención os motivos son principais porque estas mocións pódense presentar con tempo, que non é que estean en contra do contido da moción pero si na xustificación da urxencia xa que se pode levar á comisión pertinente, falarse e vir incluso cun consenso entre a maioría dos partidos políticos se se pode chegar a el. Di que nesta ocasión é a primeira que se presenta e o grupo de goberno vai a absterse en canto á urxencia da moción, e solicitan ós partidos políticos que se estipule ben cal é a urxencia da moción e que non se traian para saturar os Plenos debatindo mocións que se poderían tratar plenamente nas comisións, e por iso o seu Grupo vai absterse na votación.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido manifesta que polo tema da urxencia e moi brevemente agradece a postura dos grupos, por suposto a do grupo municipal do BNG porque coa súa abstención vaise permitir o debate esta moción. Di que quería definitivamente establecer unha cuestión, que a eles non lles consta, así como si que se ten falado outras veces, da necesidade de que esto se trate nas Comisións Informativas. Explica que non lles consta que ningunha Xunta de Voceiros leve a este Pleno ou a unha reunión formal ou informal estes temas e como se tratasen de xestionar, de negociar ou de levar as mocións doutro xeito determinado, e tamén que quere lembrar que teñen sacado moitísimas mocións aprobadas incluso con unanimidade dos grupos municipais presentes, tendo en conta matizacións ou modificacións feitas no seo do propio Pleno. Di que si comparten que se poidan traer perfectamente consensuadas nunha Comisión Informativa ou cando menos ditaminadas, pero dende o seu grupo municipal queren manifestar que se deberían preestablecer uns criterios de tódalas mocións que se presenten, previa a confección ou durante a Comisión Informativa correspondente, para que se poidan tratar delas. Manifesta que estes asuntos os teñen que levar falado e ben falado entre tódolos grupos municipais para que ó presidente de cada Comisión se lle entregue por parte do grupo político determinado e que inclúa esa moción na orde do día, porque non hai ningún sitio onde aparezan as mocións nas ordes do día. Explica que eles se axustaron ó que di a lexislación e a presentaron o día 1 de agosto, o mesmo día que se convocou o Pleno, e a incluíron e a fotocopiaron igual que se fotocopiaron o resto dos asuntos na documentación do Pleno. Di que non leva máis procedemento, que están abertos a un acordo en canto ó procedemento, que son dinámicos en canto a presentación de mocións, que parece que ó Partido Popular lle molesta falar de política, son unha organización política non son outra cousa. Manifesta que como organización política que son, teñen criterios moi claros e gústalles que a corporación municipal deste concello, representantes dos veciños, se cuestionen neste caso sobre os “sablazos” das entidades financeiras. Continúa

dicindo que dito isto, eles van a votar a favor da urxencia e reiteran o razonamento e o compromiso a pactar como se traen as mocións ó Pleno pero eso é outro problema e manifesta que non saben dende onde deberán de xustificar isto, se en Xunta de voceiros previas ou nas Comisións informativas.

A continuación intervén o sr. alcalde para aclarar unha cuestión de orde, manifesta que cree que é un tema que teñen falado xa largo e tendido na lexislatura anterior, que precisamente se estaba cargando o Pleno con unha serie de mocións que loxicamente non tiñan urxencia e por acordo ó que chegaran efectivamente tódolos grupos políticos votábase sempre a favor desa urxencia. Di que a finalidade é darlle un pouquiño máis de axilidade ó Pleno, que os debates desas mocións que non teñen ese contido urxente que pretenden darlle moitas veces xustificando, a veces o inxustificable, si que sería cuestión de tratar entre tódolos voceiros e mirar de examinar esa urxencia. Explica que é certo que para esta non deu tempo porque se presentou xusto convocado o Pleno e non houbo casi nin tempo material de falar, e que, convoca ós voceiros para ter unha reunión e unha vez que se presenten mocións ou que se vañan a presentar mocións, di que non hai ningún inconvinte en convocar unha Xunta de voceiros para decidir sobre a urxencia ou non urxencia de determinadas mocións e as que se poidan levar a debate na Comisión loxicamente pois levalas a debate na Comisión. Manifesta que de todas formas dende Secretaría, por parte do sr. secretario se lle informa que ó absterse o grupo municipal socialista e ó absterse o grupo municipal do PP, non se obtén a maioría absoluta e obrigatoriamente ten que ir á Comisión, porque tería que ser votada a urxencia por maioría absoluta.

Rematado o debate, a Presidencia somete a debate a urxencia da moción obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6) (dos/as Sres/as Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo, Martínez Ardá, Martínez Rodríguez)

Votos en contra: Ningún

Abstencións: once (11) (dos/as Sres/as Galego Feal, Bertoa Puente, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto, Serantes Painceiras, Puentes Rivera, Noceda Carballo, García Balado, López Rodríguez, Silvar Canosa)

Á vista do resultado e ó non obter a maioría absoluta acórdase pasala á Comisión correspondente e se debatirá na Comisión correspondente.

3. Rogos e preguntas

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista Iván Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que tal e como dixo xa no último Pleno do mes pasado, no Pleno ordinario, están todavía dentro dos cen primeiros días do novo goberno, polo tanto só van facer dúas preguntas, de temas que consideran especialmente importantes que pasaron nestas últimas semanas, deixando o resto das cuestións para as Comisións informativas. Expón que as dúas preguntas son simplemente unha en relación co escape de gas que se produciu en San Valentín hai unhas semanas a raíz das obras que se están facendo para o colector da depuradora da banda sur da Ría de Ferrol e manifesta que lles chegaron varias queixas de veciños e veciñas, mais que fundamentalmente pola actuación do Concello, que entenden que é unha actuación de emerxencia e que se produce nos cauces normais e habituais para este tipo de situacións, si polo comportamento da compañía distribuidora de gas, tanto polo comportamento posterior como polas dúas cuestións que lles

parecen bastante alarmantes: como que se tardasen bastantes minutos en localizar a chave de paso para poder cortar o subministro de gas na zona, porque parece ser que os datos que tiña a compañía da ubicación da chave non eran correctos e tívose que buscar, digamos que pouco mais que a sortes, para saber onde estaba esa chave de gas e poder cortar o subministro e polo tanto poder interromper a fuga.

Continúa dicindo que evidentemente iso incrementou o risco de que pasase algunha situación pois de maior gravidade da que pasou para os veciños e veciñas. Di que os veciños tamén se lles queixaron do trato da compañía que recibiron con posterioridade, sobre todo á hora de poder dar as oportunas queixas, de poder emprender as accións que considerasen oportunas para poder defender os seus dereitos como usuarios e sobre todo como veciños e a súa propia seguridade. Di que, simplemente querían saber como valora o goberno municipal a situación que se produciu e tamén saber se o goberno municipal ten previsto prestarlle algún tipo de axuda, asesoramento, ós veciños e veciñas á hora de emprender ese tipo de accións legais que moitos deles están reclamando e en todo caso, lles parecía oportuno, e o convirte nun rogo, que se lle aclare tamén á compañía distribuidora a preocupación do Concello de Fene ante un erro moi grave como este, que nunha situación de emerxencia como a que se viviu pode determinar que quede en nada ou que realmente haxa unha situación de perigo real.

Prosegue dicindo que explica que ten que ver co escrito que lles dirixiron a tódolos grupos políticos un colectivo de profesores do instituto de bacharelato de Fene. Di que a súa representante na Comisión de Educación xa fixo unha pregunta, pero cree que naquel momento non había información suficiente. Continúa dicindo que querían saber simplemente se o goberno municipal dispón xa de información sobre os cambios que se produciron na dirección do instituto de Fene, cales foron as motivacións que a Xunta de Galicia pode dar para cambiar unilateralmente unha dirección dun centro, porque o que sospeitan, igual que os profesores, é que o que está detrás é un intento da consellería de Educación de poñer unha dirección máis dócil para poder aplicar os recortes en ensino que está a levar a cabo en tódolos centros de Fene. Por último, pregunta se hai algunha novidade con respecto á redución de prazas de profesorado para o ano que vén no Concello de Fene, e , ou ó peche de escolas, especialmente da Escola de Limodre e da Escola de Sillobre, e se saben algo delas e do seu futuro para os próximos anos.

De seguido intervén o sr. alcalde quen manifesta que con respecto ó escape de gas, o concelleiro de Obras, Alejandro Dopico Rodríguez, que estivo por alí toda a mañá, pode dar información de todo o que pasou e do que pasou con posterioridade. E con respecto ó escrito dos profesores vai responder a concelleira, Rocío Bertoa Puente.

A continuación intervén o concelleiro de Obras, Alejandro Dopico Rodríguez, quen explica que, sobre o tema do escape de gas xa deron conta na Comisión, pero de todas formas a maiores poden dicir que chamaron ó delegado de Gas Galicia, e que estivo alí. Explica que faláron con el e lles dixo que se lle comentou o que pasara e que está pendente de entregar un informe. Continúa dicindo que ós veciños que pasaron polo Concello se lles dixo que se estaba aberto a asesorar, a informar pero que deberían formular a correspondente denuncia se se creían afectados. Di que o Ministerio de Industria tamén abre un expediente ás dúas empresas, tanto a Gas Galicia coma á outra empresa que estaba facendo a obra, polo sucedido polo accidente, e manifesta que de todo o que haxa, na próxima Comisión se hai máis datos, informarán.

De seguido intervén a concelleira, Rocío Bertoa Puente, quen manifesta que, en relación cos cambios que se produciron no instituto de Fene, xa deron conta na Comisión a unha pregunta da concelleira Carmen Silvar Canosa. Explica que como xa dixeron na Comisión, que eles se enteraran deste cambio de dirección extraoficialmente pola rúa, e non teñen máis información

nin ningunha comunicación respecto da Xunta. Di que tamén é máis complicado polo mes de agosto, non neste caso en concreto, senón noutros nos que se quixeron poñer en contacto con algunhas direccións dalgúns centros escolares e agora mesmo se encontran tamén de vacacións e o mesmo pasa a nivel administrativo. Continúa dicindo que en relación ás Escolas de Sillobre e de Limodre, pasa un pouco máis do mesmo e que tampouco teñen información de como está a situación.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido manifesta que teñen varios rogos e dúas preguntas e vai empezar polos rogos porque son máis áxiles. Explica que hai catro anos cando se constituíu a corporación municipal por parte da Secretaría, accidental naquel momento, se fixo un informe sobre a situación do inventario de bens municipal onde se indicaba que existía unha documentación encanutillable no Concello, en Secretaría, pero que carecía da dilixencia ou da forma que ten que ter un inventario municipal. Continúa dicindo que catro anos despois, na constitución da corporación actual, ven que iso ademais se deteriora cada vez máis e non se incorpora nada novo nin hai un documento dese tipo, ese inventario que é necesario para moitísimos trámites que ten que facer o Concello. Di que rogan que canto antes por parte do novo goberno, que ademais como novo goberno debería de ter moito interese en saber que é o que ten realmente o Concello, que se inicien eses traballos de elaboración do inventario municipal de bens.

Tamén roga que nas obras que xa se están iniciando cos Plans Provinciais nas que viron que algunha que carecía do correspondente cartel e como saben que de aquí nun ano ou ano e medio vai haber numerosas obras dos Plans Provinciais porque están moitas delas pendentes, pois que se sinalicen as obras dos Plans Provinciais, indicando a información que deba constar nos carteis, segundo o que marca o cartel da Deputación das obras.

Continúa dicindo que viron en Marraxón o selado do vertedoiro que nalgunha zona está deteriorado, e é competencia do Concello mantelo ben, porque é unha zona que de momento non se pode acceder a ela libremente e polo tanto que debe de manterse pechada. Explica que hai unha zona que de momento non é moi grande que está roto o valado e rogan que se arranxe.

Roga que nas beirarrúas que están facendo na Avda. de Tarrío, no extremo hacia o Colexio Jorge Juan, se inicie unha negociación co Casino de Perlío para ver de reorganizar e mellorar todo aquel entorno tanto da parte de Tarrío como da parte do propio edificio da sociedade.

Roga que se retiren os valados na obra da rúa das Chancas que xa está rematada e ven que dende polo menos hai unha semana están os valados que prohiben o paso para a zona.

Roga que coa maior celeridade posible se acometan aquelas melloras necesarias en tódolos centros de ensino de cara ó inicio do curso escolar.

Roga que se atendan uns escritos duns veciños de Lubián que piden que se desbroce a zona e afirma que nos días pasados estaba aínda sen desbrozar e non saben se se fixo estes días.

Roga un seguimento das obras do EDAR e di que desafortunadamente nos poucos días rompeu o gas e é porque eles ven que a obra do EDAR vai a unha velocidade relativamente alta ou con pouco control por parte da propia empresa contratista. Continúa dicindo que o que si saben é que por exemplo agora mesmo a sinalización de acceso á zona de Perlío, do Castro, á zona da Torre está moi mal colocada co cal moitísimos coches, sobre todo os que van para as praias da banda sur da Ría, cruzan por alí, chegan á rotonda e teñen que dar volta. Explica que habería que sinalizar ben iso, cree que dende o concello non teñen que sinalizar e que é a empresa quen ten que facelo cun criterio de ordenación do tráfico non como lles veña a eles mellor. Continúa dicindo que relativo ás obras co gas que os servizos se poden seguir dando nos puntos, e di que é moi importante que se lle esixa á empresa que os plans de seguridade, reposicións e todo iso que os vaia cumprindo coa maior celeridade xa que están falando dunha zona urbana, tanto Perlío como San Valentín, moi poboada.

Tamén quere rogar que, como están empezando un mandato novo, se lles vaian entregando as actas da Xunta de Goberno Local cunha periodicidade razoable, porque no mandato

anterior tiveron tacos de oito meses, di tacos, porque xa viñan nun CD porque en papel sería insufrible. Por iso roga que se vaian entregando, dálles igual que sexa en soporte electrónico ou en papel pero que se entreguen cunha periodicidade conforme se van facendo as propias xuntas, que é a forma de dixerilas.

A continuación manifesta que quería facer dúas preguntas, a primeira sobre se o goberno local ten pensado facer unha análise da situación económica do concello para planificar os vindeiros anos, os vindeiros orzamentos e a segunda pregunta sobre se ten previsto tomar algunha medida para resolver o problema do incumprimento do pagamento a provedores. Manifesta que sabe que non é responsabilidade do actual goberno, que o coñece pero tamén entende que o actual goberno debe tomar medidas nesta cuestión.

Roga que se revisen as obras, xa que di que hai algunhas que están iniciadas e non acabadas. Di que sabe e ten ademais queixas dalgúns veciños dunha obra que está parada e que está metendo humidades ó edificio do lado. Continúa dicindo que ve que hai obras que levan moitos meses paradas e que son as que están sendo causantes destes problemas.

A continuación intervén o sr. alcalde quen manifesta que recollen tódolos rogos que se fixeron e explica que con respecto das beirarrúas de Perlío, fronte do Colexio Jorge Juan, iniciouse o acondicionamento daquela zona por urxencia máis que nada, pero si que se ten previsto e xa se falou algo co Casino de Perlío para reurbanizar, dentro do que poida o Concello, aquela zona. Continúa dicindo que sobre a retirada dos vertidos do muro das Chancas, xa se lle deu instrucións tamén á empresa, e que o desbroce por Lubián que estes días se estaba por Magalofes e se continuará por Lubián. Manifesta no referente á entrega das actas da Xunta de Goberno retoman o rogo e cren que se deben de entregar en tempo para que se poidan analizar coa inmediatez que se requira. Explica que respecto das dúas preguntas de facenda contestará o concelleiro de Facenda.

De seguido intervén o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, quen manifesta que, respecto da situación económica o que pode dicir é que o que se fixo foi unha contención do gasto, que se fixo unha circular que se levou ó Pleno pasado para mellorar os trámites e para poder conter os gastos do Concello, e por outra parte fíxose unha análise breve debido á inmediatez porque hai que aprobar os orzamentos deste ano. Continúa dicindo que hai unha comisión que xa está convocada e que pasarán os asuntos xa para a semana. Explica que se fixo unha análise da que xa deu conta e o análise máis exhaustivo queda para facerse a partir a de setembro de cara a traballar para aprobar os orzamentos do ano 2012.

A continuación pide o uso da palabra a voceira do grupo municipal mixto María Carmen Martínez Rodríguez quen, unha vez concedido manifesta que quere falar sobre un tema do que se informara na Comisión relativo a un problema que houbera no colexio de Centieiras coas polillas, que viñeran a fumigar e que se estaba á espera dun informe para saber se estaba danada a estrutura do edificio. Pregunta se xa ten o goberno municipal ese informe, e pregunta por uns escritos presentados cunhas peticións de varios veciños e quere saber que prazo se van a marcar para respostar a estas peticións, que se lle diga un pouco como se atopa o tema para saber cando poder falar cos veciños e poder dicirlles en que situación se atopan as súas solicitudes.

De seguido intervén o sr. alcalde quen manifesta que, respecto dos escritos que presentou o grupo municipal mixto con diversas reivindicacións e reclamacións dos veciños, están estudándoas e aquelas reclamacións que fan e que poden ser atendidas a través do persoal do Concello se lles vai a dar a prioridade correspondente segundo o tipo de reclamación que sexa para ir atendendo e que loxicamente tapar un furado que estaba nun camiño, hai que facelo inmediatamente. Continúa dicindo que as outras reclamacións as teñen que ir un pouco graduando en función das posibilidades, xa que este mes é un mes complicado porque hai moito persoal de vacacións, pero que se van ir atendendo; mentres que aquelas que son un

pouco máis complicadas que levarán un pouco máis de tempo porque non hai os consensos necesarios como para ó mellor poder afrontar unha actuación como sería por exemplo unha apertura, cando hai persoas que non queren. Di que esas aperturas si que as podería afrontar o Concello, pero que haberá que traballalo con un pouco máis de tempo e respecto ó do Colexio de Centieiras cede a palabra á voceira Rocío Bertoa Puente.

A continuación intervén a concelleira, Rocío Bertoa Puente, quen di que con respecto á dación de contas que deron na comisión pola carcoma que afectou ó Colexio Centieiras, como xa comentaron aquel venres estaban á espera dun informe da empresa que foi a fumigar e o informe foi remitido esta semana. Continúa dicindo que o resultado do informe sinala que estaría totalmente exterminado entón por iso pediron os planos da escola para mirar se hai madeira no forxado e que o aparelador municipal lles di que considera que pola época na que foi construído non vai a existir esa madeira pero que para cerciorarse van a comprobar eses planos. Continúa dicindo que a fumigación foi eficaz e agora hai que comprobar para ter maior seguridade.

De seguido intervén o sr. alcalde quen manifesta que van dar por finalizado o Pleno e levantar a sesión pero hai unha petición de palabra solicitada por parte do público que logo intervirá.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión ás 18:39 horas do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto na presente acta, do que eu, secretario, dou fe.

Visto e praxe,
O alcalde-presidente

O secretario,

Gumersindo Pedro Galego Feal

Jesús Tallón García